

## Hidrocoloides

Roberto Fernández Álvarez  
Médico de Familia. PAC de Allariz. Ourense

Cad Aten Primaria  
Año 2008  
Volume 15  
Pág. 257-258

“Se a matriz apoiada no isquion supura, hai que aplicar apósitos de hilas”. Hoxe segue sen entenderse este escuro aforismo hipocrático.

Era xoves. Eva Tovar Granados almorzou café descafeinado con dúas rebandas de pan integral. Non soñaba con facer carreira no seu emprego de enfermeira rural, senón con ser feliz. Pero a súa nai era médica forense, así como seu pai e dous dos seus irmáns. O seu avó materno, don Santiago, fora autor do capítulo de fenómenos cadavéricos no libro de medicina legal do doutor Bayés. A felicidade de Eva era unha ecuación que no numerador non admitía o fracaso.

Martes e xoves eran os días en que Eva visitaba a Gumersindo Medela, un home forte ata que doce días de ingreso no hospital o venceron para sempre. Agora vivía na cama. A súa dona, Celerina, contaba con sorna como Gumersindo fora en tempos un home moi bailador e apetecido polas mulleres. Eva tentaba rescatar na ollada daquel demenciado algún rescoldo de seducción, pero o fedor a amoníaco que emanaba das úlceras de decúbito non facían doado o labor de busca.

-¿Non ve como sorrí?. Él ben sabe que se lle arrima unha boa moza. Cando a enfermeira afundía a folla do bisturí nos bordes da escara, Gumersindo sorría. Cando por fin tocaba carne viva, Gumersindo abría os ollos e apertaba os beizos como se non quixese deixar saír un berro. Entón a cura remataba.

A medida que o ancián deixaba fragmentos de carne entre gasas estériles, a barriga de Celerina ía medrando. Era un trazo xenético dos Granados atopar explicacións científicas ás coincidencias. A muller, ata entón entregada ó cultivo de hortalizas e acomodo de facendas, deixou a horta abandonada para consagrarse ó coidado do esposo. Posiblemente a vida sedentaria de coidadora propiciase o sobrepeso.

Tamén podía suceder que a muller perdesse todo interese por amosarse fina e atractiva, se algunha vez tivo algún -pensaba a enfermeira-. Ou ben que estivese acumulando reservas á vista de que a morte

estaba preto, para logo perder peso como signo inequívoco de pesadume polo finado.

Cando o potente catro por catro da enfermeira estacionaba diante da casa dos Medela, Celerina apresurábase a expulsar as moscas da habitación do doente, para non desgustar a dona Eva. Logo botaba un fío de colonia arriba do enfermo e libraba a mesiña de noite, correndo cara a cociña coa vela acesa a Santa Veneranda e o contido que había no fondo dun vaso. Sabía que Eva non baixaría do coche ata que alguén amarrase os cans; aínda que ás veces traía consigo un enxeño que os asustaba, que lles berraba en silencio.

- Xa non sei como teño que dicirlle o dos cambios posturais- clamaba Eva ollando con dureza a Celerina, a gorda.

Aquel xoves era véspera do San Bieito, festa na parroquia. Na habitación había menos moscas que de costume. Eva coñecía as manobras de última hora de Celerina para expulsar ós insectos antes de recibila, pero aínda así había menos. Non era difícil saber por qué: case todas estaban pousadas no brazo de xitano cuberto de azucre que había no arcón da entrada.

En pouco tempo Eva transformou o cuarto de Gumersindo no máis parecido a un quirófano: a bata branca posta de revés coma un mandilón, a mesiña de noite para o instrumental. Sobre ela un tapete de encaixe facendo de pano estéril...Unha lámpada de corenta vatios iluminando o campo ó pulsar un interruptor de pera. Unha almofia facendo de batea. Unha mascarilla ocultando o mal humor de Eva. Celerina instrumentando.

Sempre resultaba relativamente doado escaravellar na carne de Gumersindo, pero aquel día o home parecía máis ledó e rorrinte que de costume. ¿Acaso algún automatismo subconsciente lle permitía detectar a proximidade da festa? Improbable. ¿Ou era algún cambio no aspecto da enfermeira?. Tampouco. Quizais, pensou a científica Eva, algunha alteración do ánimo premortem, ou algo polo estilo.

Pero a mascarilla non era totalmente impermeable ós olores.

- Celerina, ¿pode dicirme de onde vén ese fedor a augardente?

- Eu non cheiro nada, dona Eva...

- O bafo de Gumersindo apesta a augardente, señora.

- Que morra aquí mesmo...que un raio me parta se...

O olfacto dunha Granados nunca fallaba tratándose de toxicoloxía. Non eran anaerobios, non era tecido fermentado nin restos orgánicos do pañal. Era augardente.

- Pois...mentir non quero...outro goce a este cristiano xa non lle queda...

Eva esgrimiu o bisturí con máis forza que nunca. Os anacos mortos de Gumersindo saltaban pola alfombra. A batalla estaba perdida, pero ninguén lle podía atribuír a ela toda a responsabilidade. Os libros non falaban de habitacións sépticas, nin de cans rulando pola casa, nin de sobredoses de augardente.

Celerina soubo que Eva rematara cando cun ademán lle indicou que apartara de alí a almofia e acto seguido sacou as luvas das mans como quen arrinca una tira de pel queimada. Entón a vella foi buscar un barreño con auga quente e abriu unha pastilla nova de xabón "La Toja" para que a moza lavase as mans. Mentres, correu á cociña por un coitelo e un pouco de papel de aluminio e cortoulle unha boa porción de brazo de xitano.

- Tome dona Eva...aínda que engorde un pouco, mal non lle vén.

- Mire Celerina...non sei se volveirei...non podo con vostede...coide do seu home como lle pareza e punto.

O venres pola mañá Eva preparou o descafeinado. Por un momento lembrou o pastel de Celerina e dubidou entre deixalo podreecer no frigorífico ou guindalo directamente ó lixo. Acababa de decidir que non volvería á casa de Gumersindo ata que alguén lle fixese chegar a noti-

cia do seu pasamento. O feito de dar por firme esta decisión liberouna de súpeto de todo rancor e permitiulle tomar no mesmo instante a decisión contraria: seguiría coidando dos Medela. Pero deixaría pasar uns días; non quería engadir á contaminación xa habitual a presenza dos convidados á festa.

Cando volveu, Celerina non a esperaba. Os cans, confundidos por vela chegar a deshora, non sabían se escapar ou correr a saudala, polo que ficaron inmóviles. A vella non saíu a recibila, pero a porta estaba entreaberta e a enfermeira pasou dentro. O ar da habitación estaba tecido de moscas. O Gumersindo non daba recendo a colonia, pero tampouco a augardente. Ó pouco de mirala entrar, sorriu.

- ¡Deus bendito...Deus Bendito...!

Celerina veu correndo da galería cando sentiu berrar a Eva. Pensou que aquel era o final, que o marido marchara sorrinte sen reparar en despedirse. Os ollos arpepiados da enfermeira non deixaban lugar a dúbidas. Pero non. Non era iso. Eva sinalaba a úlcera do enfermo sen poder artellar palabra.

-Eu non lle toquei...que non vexa vivos vivos ós meus fillos...que se abra a terra aquí mesmo.

Ninguén sabía cómo sucedera. Centos de larvas abalaban na pel de Gumersindo como dedos axitados da morte. As eirugas estaban tan excitadas que incluso despois de caeren ó chan arrastradas por chorros de antiséptico seguían retorcéndose como bruxas no medio da fogueira. Semellaba que as partes mortas de aquel home de pronto se volvesen as máis vivas.

Para Eva, o momento do almuerzo era tamén o momento da reflexión. Á mañá seguinte considerou diversas hipóteses para explicar a melloría da úlcera de Gumersindo. Algunhas estaban recollidas na bibliografía. Outras foron coidadosamente elaboradas por ela. Pero a máis insólita estaba nas súas mans, naquela porción de brazo de xitano que mollaba no café, deixando caer no fondo da cunca centos de partículas de azucre, centos de verdades científicas, centos de ovos a punto de eclosionar.